

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión CONSTITUTIVA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 12 de XULLO de 2011**

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CELEBRADA O DÍA 12 DE XULLO DE 2011.

No Salón de Sesións do Palacio Provincial, sendo as doce horas e cinco minutos do día doce de xullo de dous mil once, a fin de dar cumprimento ás normas sobre constitución da Deputación provincial contidas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeneral, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local e no Regulamento Orgánico da Deputación provincial da Coruña, concordante neste punto co Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, reúnense o trinta e uns deputados provinciais electos tras as eleccións locais de maio de 2011 e proclamados polas sete Xuntas Electorais de Zona da Provincia. Os mencionados deputados provinciais electos figuran nas relacións remitidas polas respectivas Xuntas Electorais de Zona e todos presentaron a correspondente credencial na Secretaría Xeral da Deputación. A relación por orde alfabética dos devanditos deputados, presentes na sesión, é a seguinte:

D. SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D. DIEGO CALVO POUSO	PP
D. ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
D ^a MARIA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
D. JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
D. JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
D ^a MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
D ^a MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
D ^a MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
D. MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
D. ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
D ^a MARÍA ELVIRA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
D. JOSÉ LUIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D ^a ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP

D ^a MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
D. MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
D. MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
D ^a SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
D. JESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. MANUEL TABOADA VIGO	PP
D ^a AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
D ^a MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
D. JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
D. PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, o Secretario Xeral da Corporación, Don José Luis Almau Supervía.

Á vista das credenciais e da documentación presentada polos deputados electos, determínanse os compoñentes da MESA DE IDADE, que forman os deputados de maior e menor idade e que resultan ser don Antonio Pereiro Liñares e don Jesús Manuel Soto Vivero, respectivamente, os cales, xunto co Secretario, integran a Mesa que preside o acto.

Aberta a sesión polo Presidente da Mesa de Idade, o Secretario Xeral dá lectura ás disposicións oficiais que regulan o acto, facendo constar que se efectuaron as previsións contidas no Regulamento Orgánico da Deputación respecto ao arqueo e ao inventario do patrimonio da Corporación. Dá conta así mesmo de que se cumpriu o previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 75.7, sobre rexistros de intereses e incompatibilidades, por canto cubríronse as correspondentes declaracións por todos os deputados electos.

Comprobadas as credenciais, procédese á toma de posesión dos novos deputados, chamando en primeiro lugar aos integrantes da Mesa de Idade e logo ao resto dos deputados por orde alfabética. Todos toman posesión do seu cargo pronunciando persoalmente a fórmula solemne: "Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado", recibindo a seguir a Medalla da Provincia como signo distintivo da súa nova condición de deputados provinciais.

Terminada a toma de posesión dos trinta e uns deputados, o Presidente da Mesa de Idade, don Antonio Pereiro Liñares, **DECLARA CONSTITUÍDA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

O presidente da Mesa anuncia que se vai a proceder á elección de Presidente da Corporación, advertindo de que a votación será secreta, mediante papeleta que se introducirá na urna disposta a estes efectos. Solicita aos partidos políticos representados na Corporación a designación de candidatos para o cargo.

Don Xosé Regueira Varela, en nome do Bloque Nacionalista Galego, e don Salvador Fernández Moreda, en nome do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE, manifestan que as súas respectivas formacións políticas non presentan candidato. Don José Santiago Freire Abeijón, en nome do Partido Popular, propón como candidato a don Diego Calvo Pouso.

Chámase aos Deputados por orde alfabética para que depositan o seu voto na urna. Completada esta primeira votación, efectúase o escrutinio pola Mesa e o seu Presidente declara o seguinte resultado:

“Dun total de trinta e uns votos validamente emitidos, houbo catorce votos en branco e obtivo dezasete votos Don Diego Calvo Pouso. Por tanto, obtivo maioría absoluta na primeira votación e foi elixido Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso”.

Tras recibir a felicitación dos membros da Corporación, en particular dos representantes dos grupos da oposición, o Presidente da Mesa pregunta a don Diego Calvo Pouso si acepta o cargo de Presidente da Deputación Provincial da Coruña. Responde afirmativamente don Diego Calvo Pouso e toma de inmediato posesión, pronunciando a seguinte fórmula solemne: "Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Presidente con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado".

O Presidente da Mesa proclama, en consecuencia, a don Diego Calvo Pouso como Presidente da Deputación Provincial da Coruña e entrégalle o bastón de mando.

O novo Presidente da Deputación pasa a ocupar a presidencia da sesión, á que tamén se incorpora o Interventor, mentres os dous deputados provinciais que integraran a Mesa de Idade retíranse aos seus estrados.

A seguir, o Sr. Presidente realiza a seguinte intervención:

Sr. Presidente:

Señoras y señores Diputados, Presidenta do Parlamento de Galicia, Dña. Pilar Rojo; Sr Delegado del Gobierno, D. Miguel Cortizo; Ex Presidente de la Xunta, D. Gerardo Fernández Albor; ex Presidente de la Diputación, Salvador Fernández Moreda; Presidente del TSXG, Fiscal Jefe de Galicia, alcaldes, autoridades invitadas, amigos. Muy buenos días a todos.

Gracias por estar hoy aquí, es un honor que nos acompañéis en este primer día de mandato. Poder ejecutivo, legislativo y judicial. Militares y expresidentes de la Xunta y de la Diputación.

Quiero agradecer la presencia de los funcionarios de esta institución y la de los representantes de los medios de comunicación. Todos somos importantes en esta sociedad, reconozco vuestro trabajo, esfuerzo y dedicación. Todos estamos llamados a construir una sociedad mejor.

Con vuestro permiso, quisiera dirigir mis primeras palabras como nuevo Presidente de la Diputación de A Coruña, a todos aquellos ciudadanos de la provincia, sobre todo a aquellas familias que, debido a la situación de crisis que vivimos, están sufriendo las graves consecuencias que, por desgracia, trae consigo la falta de empleo.

A todos ellos quiero decirles que uno de mis primeros compromisos será estar al lado de los 94 ayuntamientos de la provincia y, en la medida de nuestras posibilidades, con nuestro trabajo y dedicación, aportar nuestro grano de arena para que la salida de esta crisis llegue más temprano que tarde.

Desde este momento mi responsabilidad se centrará en intentar mantener el esfuerzo inversor y garantizar que los servicios locales no se vean afectados.

Puedo asegurar que esa va a ser la guía de la acción política del gobierno provincial que tengo la honra de presidir.

Afronto esta etapa con una gran ilusión y les aseguro que dedicaré todo mi esfuerzo para no defraudar a los ciudadanos que nos dieron su apoyo para que, de nuevo, seamos nosotros los que gestionemos esta institución. Y por supuesto, a mis compañeros del Partido Popular, que me han otorgado su confianza.

Es preciso que todos seamos conscientes de que este mandato que ahora comienza va a ser duro y difícil y que, seguramente, dentro de cuatro años, en el 2015, todo habrá cambiado. Pero no tenemos que tener miedo a los cambios, sino más bien al contrario. Ahora es tiempo para la innovación y la imaginación y, sobre todo, es tiempo para trabajar, trabajar y trabajar.

Probablemente esta sea una de las crisis más graves que hemos pasado. Lo peor, es que los economistas aún no somos capaces de establecer con certeza cuando llegará su fin. Vivimos en un mundo globalizado, y sus efectos ya han llegado a todos los rincones de nuestra provincia. Son muy pocas las administraciones locales que no tienen problemas financieros, y por tanto, dificultades para prestar servicios a sus ciudadanos. Esto, unido a la errónea previsión económica, hizo que llegasen recursos que ahora hay que devolver al Estado, lo que ha llevado a muchos ayuntamientos a una situación económica complicada, justo, en el momento en el que hay más necesidades.

Decía Mario Benedetti: “Hay ayeres y mañanas, pero no hay hoyes”. Y ahí tenemos que estar todos, en este presente que nos toca vivir, esforzándonos a diario para tratar de solucionar desde las más pequeñas a las más importantes necesidades. “Cada día” es nuestra realidad y debemos afrontarla con la misma ilusión.

Es verdad, creímos que todo estaba hecho. Las últimas décadas de crecimiento sostenido no nos dejaron ver más allá. Ante las primeras señales de agotamiento del modelo, preferimos mirar para otro lado, y de aquellos vientos, vienen estas tempestades.

A todas las administraciones se nos plantean muchos e importantes retos. Las recetas también son conocidas, austeridad, consenso, diálogo y reformas.

El diálogo debe de ser siempre la antesala de cualquier decisión y, si es posible, el consenso. Seguiremos el camino que en esta Diputación emprendimos todos, Gobierno y oposición, hace ya algún tiempo.

Trabajar codo con codo con la administración local para renovar estructuras, dar respuesta a los problemas y ejemplo a todos los vecinos de esta provincia.

La cooperación es un elemento esencial para hacer de las Corporaciones Locales instrumentos de mejora de la calidad de vida. En definitiva, dotar a la población de toda la provincia de las mismas posibilidades, vivan en Riveira, Fisterra, Cedeira o Melide.

Desde hace tiempo venimos enarbolando la bandera de la austeridad y el rigor en el gasto público. Y ahora, que asumimos el reto de gobernar esta institución, la austeridad regirá todas nuestras acciones. Haremos, lo que al fin y al cabo, ya se está haciendo cada día en todos los hogares.

Fijaremos un techo de gasto, así como el coste del personal eventual. Reduiremos los gastos de representación y publicidad y llevaremos a cabo una racionalización del gasto corriente. De lo que se trata es de abaratar el funcionamiento de esta administración y hacerla más eficaz y más eficiente.

En las próximas semanas, una vez analizada la realidad económica del ente provincial, presentaremos un plan realista para reducir los gastos superfluos y hacer de la austeridad la seña de identidad de esta Corporación provincial que hoy comienza a andar.

As Deputacións constitúen unha peza fundamental dentro do mapa territorial que ten debuxado a nosa Constitución de 1978, conferíndolles un lugar destacado no desenrolo institucional do Estado. Así o recolle o artigo 141 da nosa Carta Magna.

Non dubidaremos en facer escoitar a nosa voz nos debates de interese. Aqueles que atinxen a administración local e as súas necesarias reformas, que os hai. E tamén aos que de cada certo tempo retornan á nosa sociedade.

Volvemos a oír, como hai catro anos, voces que poñen en dúbida a existencia das Deputacións Provinciais. Non é nada novo, nin orixinal, e moito menos, nunha situación na que debemos afrontar o recorte do gasto público.

Ante isto, sempre se debe impoñer, cando menos, unha actitude reflexiva e, por suposto, unha análise rigorosa e lonxe da superficialidade. Sen dúbida, a institución provincial realiza unha importante labor, sobre todo, en aqueles concellos onde as necesidades son maiores.

A nosa provincia aglutina realidades moi diferentes. É a única na que existen tres grandes núcleos urbanos: Coruña, Santiago e Ferrol. É a de maior tamaño, o que encerra diversas peculiaridades, as do litoral, as do interior, as industriais, as rurais.

Todas elas, en maior ou menor medida, deben ser debidamente atendidas por este organismo. Porque a Provincia, e polo tanto a Deputación, desempeña un traballo fundamental para garantir a prestación de servizos municipais en todo o territorio.

Fronte aos que teñen no punto de mira as Deputacións, no Partido Popular optamos pola modernización e a actualización dos seus contidos. Sobre todo, porque na nosa mente están os concellos máis pequenos e a capacidade de dar resposta as necesidades dos seus veciños.

Como sabedes, eu son dun pobo pequeno, San Sadurniño, un pobo pequeno que, coma tantos outros, está a mirar sempre cara as grandes cidades. Eu agora digo que é o tempo de mirar dende a cidades aos pobos. Dende esta Deputación temos que lograr que se vexan e escoiten a todas as aldeas e a todas as parroquias da provincia. Porque a xente do rural, a xente do mar, non protagoniza os grandes titulares de esa crise de mercado da que falabamos, pero a sofre con tanta ou máis intensidade.

Nestes momentos duros para moitos concellos, agora, máis que nunca, as Deputacións están chamadas a xogar un papel fundamental. Hai servizos que non poden ser prestados por moitos concellos, e aí, estará a Deputación.

Así pois, vos aseguro que nós creemos na vixencia das Deputacións. Nós creemos no seu sentido, creemos no seu servizo ó cidadán, creemos nas inmensas posibilidades de acción política das deputacións na procura de maior calidade de vida das persoas.

Creemos nas Deputacións porque creemos no municipalismo. Por iso, apostar pólo municipalismo é apostar pólas Deputacións, e o seu papel supramunicipal.

As dificultades son moitas, pero non nos asustan os retos. O sentido común é un bo conselleiro, e créanme que hai moitas cousas que mellorar. Teño como obxectivo persoal que ao final desta lexislatura, ningún concello e ningún partido político poña en dúbida ou cuestione a utilidade e servizo deste organismo.

Podo garantir que o meu esforzo irá sempre encamiñado a afastarnos da idea de que a Deputación só ofrece subvencións. Teño 36 anos e creo sinceramente que dende unha vella institución se pode facer, e así o faremos, política nova.

Non podemos caer nas duplicidades entre administracións, e moito menos entre concellos, Deputación e Xunta coma teño observado nos últimos anos. Por exemplo, non pode ser que nunha cidade haxa tres estratexias turísticas distintas, e ademais sen conexión entre elas. Non pode ser que haxa oficinas turísticas da Deputación e dos concellos, na mesma rúa.

No camiño da xestión conxunta dos servizos sempre terán á Deputación da Coruña coma unha fiel aliada. Dende hoxe espero a colaboración de todos para consolidar e apoiar o labor dos gobernos locais.

Tiven a sorte de ser o representante do Goberno da Xunta na provincia, e iso me facilitou o poder coñecer ben cada recuncho desta provincia. Tamén sei ben as posibilidades que a cooperación entre administracións pon ó noso alcance. A Deputación estará sempre no camiño da cooperación e non escatimará esforzos.

Imos a traballar a reo para involucrar a Xunta de Galicia nos nosos retos de futuro, para entre todos, Deputación, Xunta, Concellos e Goberno do Estado, conquistar que a nosa provincia logre explotar toda a súa potencialidade.

Este novo mandato ten un claro obxectivo; facer da Deputación de A Coruña a casa común de todos os alcaldes e de todos os concellos da provincia. En min atoparán ao presidente de todos os pobos da Coruña.

Grazas. Unha vez máis a todos.

De xeito especial ao que foi, e segue sendo, o meu referente, Presidente Provincial e agora Alcalde da Coruña, Carlos Negreira.

Grazas tamén ao meu “xefe”, tamén de Partido, pero sobre todo nestes dous derradeiros anos na Xunta, Alfonso Rueda, pólo seu apoio incondicional.

É por último o meu agradecemento a José Manuel Rey, por todos estes anos de amizade, e por confiar en min para acompañalo na súa candidatura á Alcaldía de Ferrol. Os tres, ante todo, amigos.

Por último, dar as grazas a miña familia. Aos meus pais, aos que lles debo todo o que son. Aos meus irmáns, que sempre me apoiaron. Pero sobre todo a María e Matías, os dous son a razón do meu día a día. Aos que máis lles debo. Grazas por estar sempre aí.

Nada máis, bo día a todos.

Finalizada esta intervención, dáse por terminado o acto, levantándose a sesión ás doce horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.